

Que é a Rede Eusumo?

A Rede Eusumo é unha rede de colaboración entre entidades públicas e privadas, impulsada pola Xunta de Galicia para o fomento e o desenvolvemento da economía social. Con ela procúrase o fomento do espírito emprendedor prestando apoio directo á creación e consolidación de emprego con base na economía social.

Que é a economía social?

É o conxunto das actividades económicas e empresariais que, no ámbito privado, levan a cabo as entidades que perseguen ben o interese colectivo das persoas que as integran, ben o interese xeral económico ou social, ou ambos.

Entidades que a forman

Sociedades cooperativas, sociedades laborais, empresas de inserción, centros especiais de emprego, confrarías de pescadores, mutualidades, sociedades agrarias de transformación, comunidades e mancomunidades de montes veciñais en man común, e fundacións e asociacións con actividade económica.

Principios

- ✦ Primacía das persoas e do fin social sobre o capital.
 - ✦ Aplicación dos resultados da actividade económica en función do traballo ou actividade realizada.
 - ✦ Compromiso co territorio.
 - ✦ Fortalecemento da democracia institucional e económica.
 - ✦ Independencia a respecto dos poderes públicos.
- Promoción da solidariedade interna e coa sociedade.

Por que é de interese a Rede Eusumo para os centros educativos?

Desde a Rede Eusumo desenvólvense numerosas iniciativas para promover a economía social entre o alumnado dos centros educativos galegos.

Que actividades promove para os centros?

A Rede ofrece actividades divulgativas para o alumnado de todos os niveis educativos, desde infantil ata universitario, así como actividades formativas de interese para o profesorado, que se poden consultar no **catálogo de actividades**. Ademais, pódense deseñar actividades en función das necesidades dos centros.

- Accede ao catálogo en: <http://www.eusumo.gal/catalogo-de-actividades-eusumo>

A través do **Certame Cooperativismo no Ensino**, prémíase a realización de actividades de fomento do cooperativismo nos centros non universitarios, a través de varias modalidades: actividades artísticas, cooperativizadas ou proxectos empresariais cooperativos.

- Accede á información en: <http://www.eusumo.gal/certames-e-premios>

Como podes contactar coa Rede?

Para solicitar unha actividade ou recibir información detallada:

eusumo.emprego@xunta.gal

981 55 80 08

máis información en: **www.eusumo.gal**



eusumo.emprego@xunta.gal
www.eusumo.gal